



Nemeño - Ponteceso, 1980-03

Informante: "Cousillas" (87)

Compiladora: Dorothe Schubarth

Transcripción: Dorothe Schubarth e Antón Santamarina

Edición da presente ficha: Isabel Vigo

Había un home que era moi afeccionado a facerlle funcións aos Santos e tamén tiña aquel ano á Santa do Faro e non tiña música. E entón díxolle o fillo ao pai:

- Hai que decirlle á xente que este ano non vaian este ano ao Faro... Así decían:

Díxolle o fillo ó pai
non vaian este ano ó Faro
que do demo cousa ihai.

E despois saltou a muller chamando:

Eu este caso saltón a pegha
pra mocedá de Niñóns e Brantuas
chegha ben a ghaita gallegha.

Dándolle de beber á cría dunha vaca, que chamaballe un cucho, a un becerro, bueno pois é un cucho, un nome que nós deciamos dun cucho. Ela estáballe dando de beber a un cucho en E entón, ao estar así, ela un pito, un polluelo dunha ghallina, nós chamamoslle un pito. E entón o pito viña alí ao chan, e viña alí enredar. E ela tiña na man un martillo, un martelo de petar puntas para clavar alí non sei que era. E entón: "¡Isca pito! ¡bebe cucho! Se non doulle co martelo". E apañaronlle eso e cando houbo unhas coplas, unhas regueifas, non non foi regheifas, foi unha comparsa tamén. E pois, a comparsa esa pois viña e colléronlle:

Veciños de San Eutelo
¡Isca pito! ¡bebe cucho!
se non douche co martelo.

Entón viña con outra que decía dunha costa que iba o camiño á praia. Dice:

A costa queda pra vida
arredándolle os celuiros
e mailos carros derriba.

Modesto cuchos pequenos,
Varelã cos que lovaba,
Inacio levaba os seus
que na casa nos deixaba.

ID#573



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

¡Ai Maruxiña! Non vaias a i-herba
que ven o vento, Maruxa,
e toda cha leva,
/: e lévacha toda :/
¡Ai Maruxiña non esteas tola!

Un de Cores pois tuvo unha aposta con outro fulano en que había dous cantadores de regueifa e o de aquí que decía o de aquí e o de aló que decía o de aló, non. E entonces, cando fixeron a aposta tiñan xogado cinco duros, que naquel tempo eran moitos cartos, eran cen réas, se chamaban. E entonces, o de aquí fui, o de aquí chamabase Verdías e era o apostante e o de aló era un tal Recedo de Malpica. E entonces, cando foron entrando, o de Malpica xa lle botou unha cántiga ao de aquí, e o de aquí tocoulle a Verdías.

Verdías, Verdías,
Verdías non teña medo
que lle habemos de ghanar
os cen réas a Recedo.

Bos días Don Recedo
e tamén doña Luísa
a culpa de non vir mais cedo,
túvoa o cura da misa.

Era un domingo, non? E entonces non me recordo que lle contestou o outro. Pero entonces...